



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE JUSTICIA

DIRECCIÓN GENERAL
DE SEGURIDAD JURÍDICA
Y FE PÚBLICA

**EXENCIÓN DO TRÁMITE
DE LEGALIZACIÓN
OU DA APOSTILA
EN DETERMINADOS
DOCUMENTOS
PÚBLICOS DA UNIÓN
EUROPEA**

EXENCIÓN DO TRÁMITE DE LEGALIZACIÓN OU DA APOSTILA EN DETERMINADOS DOCUMENTOS PÚBLICOS DA UNIÓN EUROPEA

O Regulamento (UE) 2016/1191 do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de xullo de 2016, polo que se facilita a libre circulación dos cidadáns a través da simplificación dos requisitos para a presentación de determinados documentos públicos na Unión Europea e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 1024/2012, é aplicable en todos os Estados membros dende o 16 de febreiro de 2019 e ten por obxecto simplificar a circulación de determinados documentos públicos entre os Estados membros.

QUE NOVIDADES SUPÓN ESTA NORMA?

O regulamento incorpora dúas novidades:

1. A exención da legalización ou dun trámite similar, (como a apostila) en determinados documentos públicos solicitados ás autoridades dun Estado, co fin de presentalos perante as autoridades doutro Estado membro, que acrediten algún dos seguintes feitos:
 - a) Nacemento
 - b) Defunción
 - c) O feito de que unha persoa está viva
 - d) Nome
 - e) Matrimonio, incluídos a capacidade para contraer matrimonio e estado civil
 - f) Divorcio, separación xudicial ou anulación do matrimonio
 - g) Unión de feito rexistrada, incluídas a capacidade para inscribirse como membro dunha unión de feito e a condición de membro dunha unión de feito rexistrada

- h) Cancelación do rexistro dunha unión de feito, separación xudicial ou anulación dunha unión de feito rexistrada
- i) Filiación ou adopción
- j) Domicilio ou residencia
- k) Nacionalidade
- l) Ausencia de antecedentes penais
- m) Sufraxio activo e pasivo nas eleccións ao Parlamento Europeo ou nas eleccións municipais doutro Estado membro

Porén, deberase ter en conta que este regulamento NON é aplicable aos documentos relativos ao estado civil expedidos en función dos convenios pertinentes da Comisión Internacional do Estado Civil (CIEC).

2. A posibilidade de solicitar un impreso estándar multilingüe, nos casos mencionados no apartado anterior, que conteña a tradución do documento solicitado á lingua do Estado membro en que este se vaia presentar.

Porén, cabe destacar que este impreso estándar multilingüe NON terá valor xurídico autónomo e, polo tanto, sempre se deberá presentar xunto co documento público que traduce.

A CIDADANÍA PÓDESE SEGUIR ACOLLENDO A OUTROS SISTEMAS DE EXENCIÓN?

Si, a cidadanía, se así o desexa, poderá seguir acolléndose a outros sistemas polos que se exima da legalización ou dun trámite similar os documentos públicos, sempre que sexan de aplicación entre os Estados membros. En particular, este regulamento débese considerar un instrumento independente e autónomo respecto do Convenio sobre a Apostila da Haia, o que implica que as distintas autoridades dos Estados membros deberán continuar admitindo os documentos apostilados que a cidadanía lles presente.

PÓDESE SEGUIR PRESENTANDO UNHA TRADUCIÓN XURADA DOS DOCUMENTOS NO CANTO DO IMPRESO ESTÁNDAR MULTILINGÜE?

Si, unha tradución xurada elaborada por unha persoa habilitada para facelo en virtude do dereito dun Estado membro será aceptada en todos os Estados membros.

EDITA: Ministerio de Justicia
Secretaría General Técnica

NIPO (papel): 051-21-019-3

NIPO (pdf): 051-21-023-2

DEPÓSITO LEGAL: M-5409-2021

MAQUETACIÓN: Subdirección General de Documentación
y Publicaciones



Ministerio
de Justicia



Registro Civil